

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO**

**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA.**

I.- A actual relación de postos de traballo (RPT) da Academia Galega de Seguridade Pública data do ano 2009 con pequenas posteriores modificacións puntuais. En concreto, foi aprobada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2008 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada pola Resolución, do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 31 de decembro de (DOG núm. 8, do 13 de xaneiro de 2009).

Posteriormente foi modificada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de outubro de 2009 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, debido á integración dos postos de traballo de condutores/as doutras consellerías no Parque Móbil da Xunta de Galicia, publicado pola Resolución da Consellería de Facenda do 2 de outubro de 2009 (DOG, núm. 202, do 15 de outubro), e polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de decembro de 2009 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Academia Galega de Seguridade Pública, publicado pola Resolución da Consellería de Facenda do 18 de decembro de 2009 (DOG, núm. 4, do 8 de xaneiro).

A relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico ao través do que se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos para o seu desempeño e determinación das retribucións complementarias.

O artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos.

O artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún debido a que non estea dotado orzamentariamente.

II.- Dende o ano 2015 a Agasp foi asumindo novas competencias que conlevan un claro aumento da súa carga de traballo. Como exemplos cabe citar o Convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia para a colaboración en materia de formación e actualización do persoal dos Corpos de Seguridade do Estado destinados na Comunidade Autónoma de Galicia, publicado por Resolución do 4 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral Técnica (BOE 16 de novembro de 2015), que supón colaborar na

formación dos Corpos da Garda Civil e da Policía Nacional que contan con preto de oito mil efectivos na CCAA.

Asemade, a sinatura do acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas deportivas, que supón a impartición do título de Formación Profesional regrada de Técnico de Emerxencias e Protección Civil, cunha carga horaria de mais de mil cen horas ademais da correspondente carga administrativa.

Outra serie de convenios como acordo de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Agasp para determinar o uso das instalacións polas Federacións Deportivas Galegas, ou o convenio marco entre o Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza e a Agasp en materia de formación de Fiscais, Letrados da Administración de Xustiza, Médicos Forenses e Avogados da Estado, tamén supoñen un aumento da carga de traballo.

Por outra banda, con especial significado e carga de traballo, é preciso mencionar a asunción por parte da Agasp dos procesos selectivos unitarios da Policía Local de Galicia. En data 22 de novembro de 2017 publicábase no DOGA, o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, modificado polo Decreto 20/2019, do 28 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (DOGA 11 de marzo de 2019).

A mencionada asunción competencial supuxo un importante aumento da carga de traballo, convocándose en 2018, 109 postos de Auxiliares de Policía Local e 38 prazas de Policía Local. En 2019, xa está convocado un novo proceso unitario de Auxiliares para cubrir 147 prazas e breve prazo a previsión é convocar preto de 130 novas prazas de Policía Local.

Asemade a nova asunción competencial deriva na sinatura e xestión dos convenios cos diferentes Concellos que contan con Corpo de Policía Local, actualmente xa asinados sesenta e oito convenios.

Finalmente a asunción dos procesos unitarios supón o incremento dos cursos selectivos da Policía Local, unha vez rematadas as oposicións, sendo que para 2019 estase a iniciar un novo cursos selectivo de mil catrocentas horas para 103 alumnos que proveñen do proceso selectivo unitario e das diferentes prazas convocadas polos Concellos.

En definitiva, estanse a xestionar entre 2018 e 2019, 256 prazas de Auxiliares e 168 prazas de Policía Local, sumando un total de 424 prazas, ao que é preciso engadirlle os respectivos cursos selectivos así como o actual curso selectivo para 103 alumnos, e cunha nova previsión dun segundo curso selectivo neste mesmo ano 2019.

Por último, é preciso destacar que a Agasp incrementou de maneira notable a súa actividade pasando de 136 actividades en 2009 ás mais de 500 en 2018, polo que a propia actividade, demandaría un incremento de plantilla para a súa adecuada xestión.

Toda esta evolución de aumento e nova carga de traballo precisa da adecuada modificación da RPT para dotar a Agasp da necesaria estrutura para poder xestionala.

III.- A vixente estrutura orgánica da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) foi aprobada polo Decreto 24/2010, do 25 de febreiro (DOG, núm. 49, do 12 de marzo). Neste senso e para coordinar modificación RPT e estrutura orgánica, estase a tramitar unha modificación do dito decreto ao tempo desta proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT).

O Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia suprimiu o cargo directivo existente na AGASP, cuxas funcións foron asumidas polo director xeral de Emerxencias e Interior, do que pasa a depender o secretario xeral da Academia.

Por outra banda, a Disposición final terceira da lei 14/2013, no seu punto 2 modificou o artigo 11 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, establecendo que *“baixo a dependencia do director xeral da Academia haberá un secretario xeral, que percibirá as retribucións correspondentes a unha subdirección xeral e será nomeado polo Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública a proposta do director xeral. Cesará no seu cargo polo mesmo procedemento”*.

IV.- Así mesmo, cómpre adaptar a RPT ao Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao establecido na Orde do 10 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir, e á Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

V.- En resumo, tendo en conta todo o anterior e tomando como referencia, o artigo 69, do Real decreto Lexislativo 5/2015, que establece no seu punto 1, que *a planificación dos recursos humanos na Administracións Públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade, propóñense as seguintes modificacións na RPT:*

**1.- MODIFICACIÓNS DERIVADAS DO DECRETO 24/2010, do 25 de febreiro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Academia Galega de Seguridade Pública (DOGA 12/03/2010) E DA SÚA MODIFICACIÓN EN TRÁMITE:**

| Denominación dos servizos na actual RPT. | Nova denominación derivada da adaptación ao Decreto 24/2010. |
|--|--|
| Servizo de Administración.               | Servizo Económico-Administrativo.                            |
| Servizo de Formación.                    | Servizo de Formación en Seguridade Pública.                  |
| Servizo de Estudos e Publicacións.       | Servizo de Formación en Emerxencias.                         |

**\*APERTURA A CORPOS E ESCALAS do servizos existentes:**

**Servizo de Formación en Seguridade Pública:** corpo/escala xeral/F.C.S/especial, de adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado CC.AA e Forzas, Corpos de Seguridade e Administración Local.

**Servizo de Formación en Emerxencias:** corpo/escala xeral/F.C.S/especial, de adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado CC.AA e Forzas, Corpos de Seguridade e Administración Local.

**2.- CREACIÓN DUN NOVO SERVIZO, UNHA SECCIÓN, UN NEGOCIADO e UN Posto Base Subgrupo A2 (Sentenza Xudicial que declara 1 persoal laboral indefinido non fixo).**

De acordo coa xustificación establecida no apartado III:

| Novos postos na RPT |   |
|---------------------|---|
| 1                   | Servizo de Coordinación, Planificación e Selección.   |
| 1                   | Sección.  |
| 1                   | Negociado.  |
| 1                   | Posto Base Subgrupo A2 (Sentenza Xudicial que declara 1 persoal laboral indefinido non fixo). |

- Servizo de Coordinación, Planificación e Selección (código PR.B01.00.001.36170.050), de nivel 28, co complemento específico propio do nivel do posto, non singularizado, co sistema de provisión por **libre designación**, aberto aos subgrupos A1-A2, do corpo/escala xeral/F.C.S/especial, de adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado CC.AA e Forzas, Corpos de Seguridade e Administración Local.

Formación específica:

Observación: Xornada partida

- Xefatura de Sección (código PR.B01.00.001.36170.051), de nivel 25, co complemento específico propio do nivel do posto, non singularizado, co sistema de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A1-A2-C1, do corpo/escala xeral/F.C.S/especial, de adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado CC.AA e Forzas, Corpos de Seguridade e Administración Local.

Formación específica:

Observación: Xornada partida

- Xefatura de Negociado (código PR.B01.00.001.36170.055), de nivel 18, co complemento específico propio do nivel do posto, non singularizado, co sistema de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A2-C1-C2, do corpo/escala xeral, de adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia.

Formación específica:

Observación: Xornada partida

- Posto Base Subgrupo A2, (código PR.B01.00.001.36170.008), de nivel 16, co complemento específico propio do nivel do posto, non singularizado, co sistema de provisión por concurso, aberto ao subgrupo A2, do corpo/escala xeral, de adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia, facendo constar no apartado de observacións "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo.

Formación específica:

Observación: Xornada partida

Proponse a creación do dito posto para adscribir un traballador declarado indefinido da Academia con categoría profesional de Título grao medio-Grupo II (categoría 7) pola sentenza xudicial núm. 204, do 11 de maio de 2010, do Xulgado do Social nº 3 de Pontevedra (xúntase sentenza).

**3.- MODIFICACIÓN MOTIVADAS POR RESOLUCIÓN DO 25 DE FEBREIRO DE 2016, DA DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA, POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E A DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS DE EXCEPCIONALIDADE E FUNCIÓNS QUE DEFINEN AS CARACTERÍSTICAS QUE MOTIVAN A ESPECIAL RESPONSABILIDADE OU CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DOS POSTOS DE TRABALLO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DE NIVEL 28 OU INFERIOR, DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establece:

*Artigo 91: **As xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.***

*Artigo 92.2º: **Libre designación con convocatoria pública: Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aquel outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.***

Atopámonos maior precisión no apartado terceiro da Resolución do 25 de febreiro de 2016 da Dirección xeral da Función Pública (DOGA 04/03/2016).

A AGASP pode configurarse como un **CENTRO DE FORMACIÓN DE CARACTERÍSTICAS SINGULARES en termos análogos ao apartado sexto**, que determina tamén a excepcionalidade na cobertura de determinados postos de traballo.

- Trátase dun CENTRO DE SEGURIDADE PÚBLICA, onde traballan, fórmanse e habitan, no seu caso, en réxime de internado a Policía Local, Policía Autonómica, Garda Civil e Policía Nacional, ademais de operativos de Emerxencias.
- Conta con armamento e Galería de Tiro.
- A AGASP, ademais da propia estrutura de administración, dispón de 200 camas en 60 habitacións en réxime de internado para a policía e as emerxencias.
- A distribución horaria da formación en mañá e tarde e incluso fins de semana, o que configura a dispoñibilidade horaria dos postos con maior responsabilidade para o adecuado control e xestión da actividade.

*Cómpre lembrar que o artigo 92.2º da Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia, establece que os postos clasificados como de libre designación están sometidos a dispoñibilidade horaria.*
- A propia localización da Agasp en A Estrada e polo tanto fora da centralidade administrativa de Santiago de Compostela.

Todo elo, configura unhas características de excepcionalidade nos postos de maior e especial responsabilidade e configuran por se mesmas unha excepcionalidade dentro da Administración Xeral da CCAA e como tal debe interpretarse cara a determinación dos criterios a aplicar.

## **1) SERVIZO DE FOMACIÓN EN SEGURIDADE PÚBLICA:**

**Atribucións relativas ao apartado 4.1**, especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia.

O servizo de formación en Seguridade Pública elabora a programación do plan de formación anual da academia destinada ao persoal dos corpos da policía local e policía autonómica, persoal xudicial, penitenciario e de seguridade privada. Xestionar e organizar os cursos de formación presenciais e de teleformación que se establezan no plan de formación anual da academia para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos diversos postos dos corpos da policía local e policía autonómica, así como as xornadas, seminarios e cursos de actualización e de especialización dirixidos a estes.

Polo tanto coñece e desenvolve os contidos de formación, que tratan sobre asuntos de competencia directa en seguridade, coma de asuntos estratéxicos nos que interese a formación da UPA ou Corpos da Policía.

A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por enriba do exixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode supoñer problemas de seguridade para a propia Xunta de Galicia.

Polas **atribucións do apartado 5.2**, responsabilidade directa no que atinxe ao control e uso dos datos, tanto persoais como económicos, do persoal policial da Unidade de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, así como do seu armamento, uniformidade e medios técnicos.

O servizo de formación en Seguridade Pública, debe responder da confidencialidade dos datos persoais do persoal pertencente a Seguridade Pública que traballa en Galicia (xa non soamente da Policía autonómica, senón da Policía Local, Garda Civil e Policía Nacional), asemade é responsable da custodia da galería de tiro da Academia, que conta con munición e armamento, coma dos medios técnicos e de intervención policial, empregados na formación.

**Atribucións do apartado 4.2**, porque se esixe en determinadas situacións que o empregado público actúe como substituto do representante institucional e que teña, polo tanto, que coñecer, asumir e difundir as propostas.

O Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.(DOGA 07/12/2012), na súa Disposición adicional segunda, supuxo a supresión do alto cargo de Director Xeral da Agasp coa unificación da titularidade de centros directivos, pola que a persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior será, pola súa vez, a titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública.

Se ben a Lei 14/2013 de Racionalización creou a figura do secretario xeral, a ausencia dun alto cargo na Agasp determina que o Servizo deba realizar determinadas funcións de representación institucional dado o volume de actividades formativas (500 actividades en 2018), tales como inauguracións, clausuras, reunión con diferentes sectores, presentación etc. xa que logo o volume de actividades non resulta abarcable por unha soa figura de secretaría Xeral.

Por outra banda, así está determinado no propio Decreto de estrutura onde establece a cláusula que o secretario/a xeral poderá encomendar outras funcións, sendo que na Agasp pola propia actividade da mesma, así como pola inexistencia do cargo directivo cobra especial relevancia e aplicación, polo que novamente atopámonos cun feito singular.

**Atribucións do apartado 6**, responsabilidade en centros que estean internadas persoas en formación, xa que logo a Agasp conta con 200 camas e 60 habitacións en réxime de internado para os alumnos.

**Excepcionalidade directa por aplicación do artigo 92.2º da Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia**, establece que os postos clasificados como de libre designación están sometidos a dispoñibilidade horaria. A programación da Agasp en horario de mañá e tarde, así como o réxime de internado para determinados alumnos fai necesario e imprescindible a dispoñibilidade horaria e localización.

## **2) NOVO SERVIZO DE SERVIZO DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN E SELECCIÓN:**

Este novo servizo que se crea, cuxas funcións especificáanse no Decreto 24/2010 en trámite de modificación, terá, entre outras, as de planificación, elaboración, control e execución das convocatorias derivadas da cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local. A planificación, elaboración, control e execución das listas de colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local e elaborar as propostas, xestionar e organizar os cursos de formación presenciais e de teleformación que se lle encomenden para os corpos da policía local e policía autonómica, e nos eu caso, para a garda civil ou policía nacional, persoal xudicial, penitenciario e de seguridade privada, así como xornadas, seminarios e cursos de actualización e de especialización dirixidos a estes.

**Neste senso, trataríanse atribucións relativas ao apartado 4.1**, no que atinxe a organización dos cursos de formación presenciais e de teleformación para os diversos postos dos corpos da policía, tería especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia, xa que logo coñece e desenvolve os contidos do programas formativos, que tratan sobre asuntos de competencia directa en seguridade, coma de asuntos estratéxicos nos que interese aos corpos da policía.

A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por enriba do exixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode supoñer problemas de seguridade para a propia Xunta de Galicia. Asemade sería o responsable directo da custodia da galería de tiro da Academia nesta formación específica.

Polas **atribucións do apartado 5.2**, en canto a execución das convocatorias derivadas da cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, e a planificación, elaboración, control e execución das listas de colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local, tería a responsabilidade directa no que atinxe ao control e uso dos datos, tanto persoais como económicos, do persoal policial local.

**Atribucións do apartado 4.2**, porque se esixe en determinadas situacións que o empregado público actúe como substituto do representante institucional e que teña, polo tanto, que coñecer, asumir e difundir as propostas.

O Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.(DOGA 07/12/2012), na súa Disposición adicional segunda, supuxo a supresión do alto cargo de Director Xeral da Agasp coa unificación da titularidade de centros directivos, pola que a persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior será, pola súa vez, a titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública.

Se ben a Lei 14/2013 de Racionalización creou a figura do secretario xeral, a ausencia dun alto cargo na Agasp determina que o Servizo deba realizar determinadas funcións de representación institucional dado o volume de actividades formativas (500 actividades en 2016), tales como inauguracións, clausuras,

reunión con diferentes sectores, presentación etc. xa que logo o volume de actividades non resulta abarcable por unha soa figura de secretaría Xeral.

Por outra banda, así está determinado no propio Decreto de estrutura onde establece a cláusula que o secretario/a xeral poderá encomendar outras funcións, sendo que na Agasp pola propia actividade da mesma, así como pola inexistencia do cargo directivo cobra especial relevancia e aplicación, polo que novamente atopámonos cun feito singular.

**Atribucións do apartado 6**, responsabilidade en centros que estean internadas persoas en formación, xa que logo a Agasp conta con 200 camas e 60 habitacións en réxime de internado para os alumnos.

**Excepcionalidade directa por aplicación do artigo 92.2º da Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia**, establece que os postos clasificados como de libre designación están sometidos a dispoñibilidade horaria. A programación da Agasp en horario de mañá e tarde, así como o réxime de internado para determinados alumnos fai necesario e imprescindible a dispoñibilidade horaria e localización.

### 3) SERVIZO DE FORMACIÓN EN EMERXENCIAS:

**Asimilación e complementariedade do apartado 4. especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou EMERXENCIA.**

As funcións do servizo de Emerxencias está directamente relacionada coa Dirección xeral de Emerxencias. Lle corresponde, entre outras, a programación destinada ao persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, corpos de bombeiros e axentes forestais, dirixido a adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco, a actuar no caso de risco ordinario e a protexer a integridade das persoas e os bens de titularidade pública ou privada e mais o ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados por catástrofes, calamidades, accidentes e demais situacións ou continxencias análogas.

As decisións que se poidan derivar dunha situación de Emerxencias, se complementarán con diferentes accións formativas ou de planificación que poidan ser necesaria, sendo polo tanto complementarias e por outra banda, as necesidades de formación deben converxer coa posibles toma de decisións e planificación, existindo polo tanto unha necesaria complementariedade.

**Atribucións do apartado 4.2**, porque se exige en determinadas situacións que o empregado público actúe como substituto do representante institucional e que teña, polo tanto, que coñecer, asumir e difundir as propostas, polos mesmos motivos expostos no apartado anterior.

**Atribucións do apartado 6**, responsabilidade en centros que estean internadas persoas en formación, xa que logo a Agasp conta con 200 camas e 60 habitacións en réxime de internado para os alumnos.

**Excepcionalidade directa por aplicación do artigo 92.2º da Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia**, establece que os postos clasificados como de libre designación están sometidos a dispoñibilidade horaria. A programación da Agasp en horario de mañá e tarde, así como o réxime de internado para determinados alumnos fai necesario e imprescindible a dispoñibilidade horaria e localización.

### 4) SERVIZO ECONÓMICO ADMINISTRATIVO:

O Servizo estaría excepcionado por xestionar información especialmente reservada, de acordo coa previsión do **apartado 5.2** por canto xestiona os datos personais e económicos dos colaboradores da Agasp



(mais de 500 actividades) entre os que se atopan principalmente membros da UPA, Policía Nacional e Garda Civil, Policía Local, Maxistrados, Xuíces, Fiscais, membros da UDEF, Policía Científica etc.

Asemade lle corresponde a xestión e o mantemento das aulas e das demais instalacións da academia, nun centro de excepcionais características como anteriormente se expuxo, incluída Residencia en réxime de internado.

Tamén por depender directamente do Director Xeral ou na súa ausencia ao Secretario Xeral, ao que asesora sobre temas económicos e de coordinación, **punto 1.2.** tal como se describiu en apartados anteriores a unificación do alto cargo coa Dirección Xeral de Emerxencias determina especialmente esta característica.

E por último, **atribucións do apartado 6**, responsabilidade en centros que estean internadas persoas en formación, xa que logo a Agasp conta con 60 habitacións en réxime de internado para os alumnos, xa que logo lle corresponde a xestión e mantemento das instalacións da Agasp.

#### **4.- AREAS FUNCIONAIS:**

De acordo co anexo de equivalencias para adaptar a RPT á normativa vixente logo da última RPT aprobada.

#### **5.- MODIFICACIÓNS DE FORMACION ESPECIFICAS:**

Suprímense as formacións específicas excepto para os postos abertos a outras AAPP que precisarán do curso se perfeccionamento de Galego.

#### **6.- RECODIFICACIÓN DE POSTOS:**

É preciso recodificar os posto existentes, consonte consta na anexo de equivalencias para adaptar a RPT á normativa vixente logo da última RPT aprobada.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez